

EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PADRÓN DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA, IMPOSTO DE BENS INMOBLES DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS, PADRÓN DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES DE NATUREZA RÚSTICA, PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS E PADRÓN DA TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRAVÍAS, RESERVAS DA VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO E CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE DO EXERCIZO 2017.

Mediante decreto de Alcaldía de data 28 de xullo de 2017, acordouse aprobar os padróns do imposto de bens inmobles de natureza urbana, imposto de bens inmobles de características especiais, padrón do imposto de bens inmobles de natureza rústica, padrón do imposto sobre actividades económicas e padrón da taxa por entrada de vehículos a través das beiravías, reservas da vía pública para aparcamento exclusivo e carga e descarga de mercadorías de calquera clase do exercizo 2017, no que se incluíron as altas, baixas e modificacións producidas durante o ano 2017.

Os padróns quedarán expostos nas dependencias de Recadación, durante 15 días, contados a partir do día seguinte ao que se publique este anuncio no BOP, prazo durante o cales os interesados poderán examinalos e formular alegacións.

Contra as liquidacións comprendidas nos Padróns se poderá interpor recurso de reposición, no prazo dun mes, a partir da finalización do prazo de exposición ao público, ao abeiro do artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TR da Lei Reguladora das Facendas Locais. Contra a resolución recaída poderá interpor recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte o da notificación de dita resolución, ou ben no prazo de seis meses se non recae resolución expresa no prazo dun mes dende o día seguinte o da interposición do recurso de reposición.

O presente edicto ten carácter de notificación colectiva, de acordo co artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e de anuncio de cobranza, segundo o artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

O período voluntario de ingreso comenzará o 1 de setembro e rematará o 2 de novembro, ámbolos dous incluídos.

Os pagos poderán realizarse en calquera das entidades colaboradoras que se indican a continuación, presentando o recibo durante o horario de caixa: Abanca, CaixaBank, Banco Santander ou Banco Pastor.

Os recibos domiciliados pasaranse ao cobro tal como se detalla a continuación:

- Padrón do imposto sobre actividades económicas o día 1 de setembro de 2017.
- Padrón do imposto de bens inmobles de natureza urbana, imposto de bens inmobles de características especiais o día 7 de setembro de 2017.
- Padrón do imposto de bens inmobles de natureza rústica o día 8 de setembro de 2017.
- Padrón da taxa por entrada de vehículos a través das beiravías, reservas da vía pública para aparcamento exclusivo e carga e descarga de mercadorías de calquera clase o día 12 de setembro de 2017.

Transcorrido o período voluntario de ingreso, iniciárase o período executivo, e as débedas esixíranse pola vía de constrinximento e devengarán as recargas, xuros e custas que se produzan.

Rianxo, 2 de agosto de 2017
O Alcalde.

Adolfo Muíños Sánchez